

CRISTINA DOMÍNGUEZ, DIRECTORA DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, INAUGURA A SÚA XESTIÓN Á FRONTE DA INSTITUCIÓN CON 'O REGRESO AO DESERTO', UN TEXTO DA AUTORÍA DE BERNARD-MARIE KOLTÈS QUE ABORDA O TRAUMA DA EMIGRACIÓN

SEN FIXARMOS LÍMITES



Cristina Domínguez posa sorrinte para as cámaras o día en que foi presentada como nova directora do Centro Dramático Galego

:: A contrabutaca

Xosé Lueiro - A Estrada

Será o 20 de outubro. Cando a chanza irónica dalgun escépticos comezaba a formalizar a habitual solicitude de repulsa á dirección do Centro Dramático Galego con argumentos que apuntan a un modelo de xestión continuista respecto a xerencias anteriores, Cristina Domínguez, a nova directora da institución, bota por terra toda rumoroloxía facendo un exercicio de capacitación e coherencia. O 20 de outubro verá a luz a montaxe de Koltès *O regreso ao deserto*, primeiro banzo dunha escada polimórfica onde a aposta por promover unha liña de producións contemporáneas de trasfondo social, a intención de estimular a aparición de novos dramaturgos galegos e fomentar unha renovación xeracional do noso teatro; cobran especial protagonismo.

Antes de nada, gustaríame que me fixese unha lectura retrospectiva das dúas producións xestionadas por Ánxeles Cuña á fronte do CDG. Produccións que

tras a repentina marcha da directora ourensá tivo vostede que asumir.

Foron dúas montaxes, tanto *Illa Reunión* como *A cabana de Babaigá* que malia a súa innegable calidade deixaron un reto moi claro na institución. O de captar máis público. Sobre todo no caso do teatro de adultos. Está claro que existe un divorcio entre a cidadanía e o Centro Dramático ao que debemos poñer remedio dalgunha forma; quizais aumentando as cantidades destinadas á promoción dos espectáculos, quizais deixando menos espazo á improvisación... O certo é que as nosas previsións pasan por achegar máis público ao teatro institucional. É unha das nosas prioridades.

Vaiamos por partes, parece ser que o feito de que a directora do CDG asuma a dirección artística das súas propias montaxes non está moi ben visto por parte da profesión.

Sempre riven moi claro dende o momento que formalicei contrato coa institución que unha parte importante do meu traballo consistiría, máis alá de xestionar o CDG, en asumir a dirección artística. E isto é lóxico. Hai compañías pu-

blicas nas que incluso un director está obrigado a facelo por contrato. Asumo as críticas, supoño que van implícitas no cargo. Pero non se me ocorre mellor xeito de coñecer o funcionamento interno da institución e de axilizar a súa posta en marcha que poñerme á fronte dun equipo técnico e artístico.

¿Por que Koltès?

A elección non está fundamentada tanto no escritor como na peza en si. Fixen unha avaliación xeral da programación que quería para esta temporada e pensei que estaría ben botar man dun dos grandes clásicos contemporáneos, dun dramaturgo que ademais coñezo ben e que describe nesta obra unha realidade social que pola súa actualidade todo teatro institucional está obrigado a revisar. Pero hai outros atractivos puramente formais que Koltès aborda de maneira excepcional nesta peza, refírome a conceptos como a ruptura das unidades, a multiplicidade de espazos, a utilización da palabra como arma... Os actores cando se embarcan nunha proposta deste tipo, desfrutan moito da montaxe porque din cousas interesantes. Estame a sorprenden neste sentido a capacidade de traballo que están amosando, a súa xenero-

sidade á hora de explorar e de dar sentido aos personaxes.

Supoño que a coñecida relación entre María Casares e Koltès é outro dos alicientes que entraña a elección dunha peza deste autor.

Indubidablemente. El coñeceu a María Casares nun festival de Avignon e quedou inmediatamente prendado do talento da actriz coruñesa. Era case adoración o que sentía por ela; de tal forma que incluso chegaría a escribir algún personaxe para a actriz. Pero non foi este un caso illado, xa que Koltès tivo a sorte de poder traballar para moitos actores e directores da época... A súa medra como dramaturgo estivo moi relacionada co feito de poder ver representado todo canto escribía.

Precisamente, esta parece ser unha das súas teimas á fronte do CDG; a de potenciar a formación de novos dramaturgos.

Así é. Quero tentar dende a institución que os novos autores teñan a posibilidade de escribir para un espazo. Neste sentido, vimos de crear a figura do autor residente; figura que este ano recae na persoa de

Cándido Pazó, e que se encargará de poñer en marcha uns talleres de escrita teatral e de escribir e dirixir a súa propia peza. Desta maneira, estamos axudando a que os autores poidan escribir sen os impedimentos que supón escribir para espectáculos de pequeno formato. ¿Como vai medrar unha dramaturxia propia coas eivas que padece a nosa profesión? Temos a obriga de prestarlles unha infraestrutura aos autores para que se poidan enfrontar a outros retos.

¿Cooa experimentación?

Non exactamente. Aí hai que facer unha diferenciación. Claro que o Centro debese ser un espazo de creación e un espazo xerador de ideas, pero como compañía de teatro institucional que é, a súa obriga é, sen prescindir do tema da experimentación, o de dar cobertura a todo tipo de espectáculos. Por iso estou poñendo en marcha o Centro de Creación Dramática Contemporánea, algo que forma parte da estrutura do Centro pero que terá a súa propia autonomía. Este ano botará a andar en novembro cuns talleres de escrita teatral que estarán dirixidos por Cándido Pazó. Por outra banda, tamén pretendemos profundar na investigación das artes escénicas e na fusión con outras disciplinas, sen fixar límites.

Falaba anteriormente de dar cabida ás novas xeracións teatrais, ¿Como se traduce esta realidade na montaxe que están a piques de estrear?

En *O regreso ao deserto* contamos coa participación de dous actores menores de trinta anos que traballan por primeira vez no Centro. E é esta unha inercia que seguiremos a promover nas próximas montaxes tratando de mesturar a xente nova con actores máis experimentados. Considero que as novas xeracións de actores están perfectamente capacitadas e motivadas para traballar en espectáculos de gran formato. A súa inclusión en repartimentos do CDG axudaráos, sen dúbida, a medrar profesionalmente.

¿Cales serán as producións do Centro para a próxima temporada?

Ademais de *O regreso ao deserto* a estrear o vindeiro 20 de outubro, xa se está traballando nun infantil que posiblemente vexa a luz no mes de febreiro. Rosa Hurtado e Santi Montenegro están remozando un espectáculo de Artello titulado *Tarará Chis-Pim* que xa tivera moito éxito nos anos 70. A temporada rematará en coa estrea da peza de Cándido Pazó *A Pirgueta*. ●